



ACTA DE REUNIÓN

Organismo convocante	Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) Departamento de formación, innovación e internacionalización						
Lugar de reunión	CAFI (Aula 12)						
Nº de reunión	2	Data	3 outubro 2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	19:00
PROPÓSITO	<input type="checkbox"/> Estrutura e calendario de traballo e repaso da mobilidade						

ORDE DO DÍA

1. Aspectos de xestión
2. Repaso do proxecto
3. Aspectos prácticos da mobilidade
4. Difusión e eTwinning, School Education Gateway

Santiago de Compostela a 3 de outubro de 2019

Persoas asistentes

- CAFI
 - Cristina Diéguez
 - Diana Pastoriza
- CEIP Mesón do Vento
 - Rocío Souto Louzao
 - Alejandro Varela Raña
- CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés
 - Iria Pichel Beiro
 - María Isabel Varela Landeira
- CRA de Oroso
 - María de la O Giadáns Aldrey
- IES Nº 1 (Ordes)
 - Manuel del Río Gómez
 - Constantino Donilo Bello Costal
- IES Plurilingüe Maruxa Mallo
 - José Luis Castellanos García
 - Lucía López Vila



Aspectos tratados

1. Presentación das persoas participantes
2. Recordatorio dalgúns **aspectos xerais** dos proxectos. O obxectivo xeral centrado na formación do profesorado, son:
 - a. Mellora da competencia lingüística do profesorado.
 - b. Internacionalización do centro educativo.
 - c. Profesorado máis formado (achegamento CLIL, sistemas educativos doutros países, plataforma eTwinning, etc).
 - d. Tecer redes (entre os centros galegos pero tamén a nivel internacional).
 - e. Crear un produto útil para os centros que teña sostibilidade no tempo.
3. **Aspectos de xestión** relevantes:
 - a. Artellamos un seminario para enmarcar o traballo do proxecto.
 - b. As reunións serán no IES Número 1 de Ordes en xeral, agás que os participantes acordemos que nalgún momento nos é mellor outra localización. A excepción será a reunión do **13 de novembro** que terá lugar no CAFI, dado que é unha charla co profesorado do CEP Carlos Carlos Casares e do IES Salvaterra.
 - c. Con carácter xeral, o horario das reunións será o **luns ás 18:30**.
 - d. Acórdanse (con carácter provisorio) as datas da seguinte mobilidade a Austria: **26 xaneiro-5 febreiro**.
 - e. Acórdase que todos/as se rexistrarán en eTwinning (e, por extensión, en School Education Gateway).
 - f. Acórdase crear un grupo de Telegram para as xestións inmediatas ou para emerxencias que poidan xurdir.
 - g. Para a difusión do proxecto, acórdase crear un cartafol compartido que conterá:
 - i. un cartafol para cada centro educativo
 - ii. un documento común no que se irán engadindo os contidos dos cartafóis cunha descrición dos mesmos
(exemplo: Fotografía 1: Aula de tecnoloxía do centro xxxx (Dundee, Escocia) onde o alumnado está traballando coa metodoloxía xxxx).
4. **Aspectos prácticos** para a primeira mobilidade a Edimburgo (19-30 de outubro (agás María de la O que irá ata o 1 de novembro).
 - a. Pódese levar unha peza de equipaxe que se facturará (20 kg máximo). É responsabilidade dos participantes non exceder este peso. En caso de non respectar esta condición, será a persoa quen asuma o pago extra.
 - b. Acórdase xuntarse no mínimo número de coches para o desprazamento ata o aeroporto para reducir os custes de aparcadoiro.